

# ÁREA RECREATIVA DE BRANDELOS



## Área Recreativa de Brandelos

Galego

A Área Recreativa de Brandelos, que está localizada na parroquia de Prevediños, atópase bañada polo río do mesmo nome, afluente do río Ulla.

Esta zona é coñecida por ser o lugar onde nace unha fonte de augas mineiro medicinais sulfuradas, que se usan: bebidas, como remedio a algunhas doenzas dixestivas, e como baño, para enfermidades da pel e reumáticas.

Na Área Recreativa de Brandelos caben destacar a pequena capela que se atopa totalmente integrada coa paisaxe e na que se celebra a tradicional Romaría de Brandelos, no mes de xuño; así como os carballos centenarios que axudan a crear diversas sombras e espazos onde realizar actividades de lecer e descanso.



Lavadoiro-Fonte de Brandelos/ Lavadero-Fuente de Brandelos

Capela de Brandelos/ Capilla de Brandelos

Lavadoiro-Fonte de Brandelos/ Lavadero-Fuente de Brandelos

Español

El Área Recreativa de Brandelos, que está localizada en la parroquia de Prevediños, se encuentra bañada por el río del mismo nombre, afluente del río Ulla.

Esta zona es conocida por ser el lugar donde nace una fuente de aguas mineromedicinales sulfuradas, que se usan: bebidas, como remedio a algunas dolencias digestivas, y como baño, para enfermedades de la piel y reumáticas.

En el Área Recreativa de Brandelos caben destacar la pequeña capilla que se encuentra totalmente integrada con el paisaje y en la que se celebra la tradicional "Romería de Brandelos", en el mes de junio; así como los robles centenarios que ayudan a crear diversas sombras y espacios donde realizar actividades de ocio y descanso.

## Carballo "Quercus robur"/ Roble



¡Carballos rexos, potentes, calados ou musicais: loitados como valentes coas xístras e os vendavales!...

...¡Que sensación de forteza ollando prá eternidade!

Manuel María "Terra Chá"

Galego

O carballo "Quercus robur" é a árbore máis representativa da flora galega. A súa copa é globosa e pode alcanzar os 50 m de altura.

Orixinal de Europa, Asia e o norte de África, é unha árbore que se atopa por case todo o territorio galego, sendo máis escaso na zona sur-oriental.

Prefere áreas con terreos frescos e profundos, que non posúan épocas de secas prolongadas no verán e cunha altitude por baixo do 1.000m.

Durante moitos anos, esta árbore foi cortada e utilizada para combustible, construción de barcos, para vías de ferrocarril ou para repoboar montes.

Español

El roble "Quercus robur" es el árbol más representativo de la flora gallega. Su copa es globosa y puede alcanzar los 50 m de altura.

Original de Europa, Asia y el norte de África, es un árbol que se encuentra por casi todo el territorio gallego, siendo más escaso en la zona sur-oriental.

Prefiere áreas con terrenos frescos y profundos, que no posean épocas de sequías prolongadas en el verano y con una altitud por debajo de los 1.000m.

Durante muchos años, éste árbol fue cortado y utilizado para combustible, construcción de barcos, para vías de ferrocarril o para repoblar montes.



Galego

As súas follas son simples, alternas, ovais e lobadas, de 10-12 cm de lonxitude e 8 cm de ancho. A súa cor é verde escuro mate pola raíz e máis clara do revés.

Español

Sus hojas son simples, alternas, ovales y lobulada, de 10-12 cm de longitud y 8 cm de ancho. Su color es verde oscuro mate por la raíz y más clara del revés.



Galego

As flores son moi pouco aparentes. Nacen en grupos de 2 a 4 nos brotes novos. Florece de febreiro a marzo e a polinización realízase polo vento.

Español

Las flores son muy poco aparentes. Nacen en grupos de 2 a 4 en los brotes nuevos. Florece de febrero a marzo y la polinización se realiza por el viento.



Galego

Como froito, posúe as Landras: froitos secos de cor castaña e lustrosos. Miden de 3 a 4 cm de longo e entre 1,5 e 2 cm de ancho. Están cubertos por unha cúpula leñosa e aparecen en grupos de 2 a 4.

Español

Como fruto, posee las Bellotas: frutos secos de color castaño y lustrosos. Miden de 3 a 4 cm de largo y entre 1,5 y 2 cm de ancho. Están cubiertos por una cúpula leñosa y aparecen en grupos de 2 a 4.

A degradación dos espazos verdes, reflicte a degradación da sociedade.  
La degradación de los espacios verdes, refleja la degradación de la sociedad.